



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 20 de maio de 2020.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, a tempo completo (100% xornada) por un período de seis meses a través do programa Fomento do Emprego 2019 da Excm. Deputación Provincial.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

De conformidade co expediente de provisión dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, persoal laboral temporal, a través do programa Fomento de Emprego 2019 da Excm. Deputación Provincial, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 24 de febreiro de 2020.

Visto que con data 13 de marzo de 2020 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 60, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establecéndose na súa Disposición Adicional Terceira a suspensión e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, durante a vixencia do actual estado de alarma.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2020/070, de data 12 de maio, pola que se acorda a continuación do procedemento de selección e a reanudación do cómputo do prazo para a presentación de instancias do dito proceso selectivo, publicándose a convocatoria no taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 109, de data 14 de maio de 2020.

Analizadas as solicitudes presentadas para o proceso selectivo, tanto para o posto de oficial de 1ª carpinteiro como para os postos de peón especialista forestal, e tendo en conta que cumpren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:





## Concello de Ribeira de Piquín

### - OFICIAL 1º CARPINTEIRO

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Campo Díaz, Abel	33.552.929-T	Non

### - PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Couso Morán, Óscar	76.578.316-T	Non
Lago Núñez, Diego	44.472.659-C	Sí
Osorio Fernández, José	33.537.283-V	Sí
Tella Neira, Luis	33.561.003-R	Sí

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Mario López Iglesias, Operario de Servizos Múltiples do Concello de A Pastoriza (Lugo).

Vogais:

D<sup>a</sup>. Mónica Lamas Beceiro, Técnico en Orientación Laboral do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

D<sup>a</sup>. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

D<sup>a</sup>. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Juan Hernando Rosa Ruíz, ou membro en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 25 de maio de 2020 (coincidindo co inicio da fase 2), ás 11:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente ás 11:30 horas do día 25 de maio de 2020.





## Concello de Ribeira de Piquín

---

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 12:00 horas do día 25 de maio de 2020. Unha vez concluído este procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 20 de maio de 2020.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

